

A CIG-Ensino reclama a intervención do Concello e que obrigue a Novo Alicerce a respectar os dereitos

Concentración en Miño para esixir a readmisión dunha traballadora da "Ceboliña" e o cese das represións



A CIG realizou unha concentración diante da Escola Infantil "A Ceboliña" de Miño, para denunciar o despedimento dunha educadora por reclamar os seus dereitos, a persecución que **Novo Alicerce** (empresa que xestiona o centro) está a exercer sobre o resto de traballadoras da escola e os reiterados incumprimentos laborais.

Para a CIG-Ensino este despedimento supón unha clara represión contra a traballadora e un intento de amedrentar o resto das súas compañeiras para que non reivindiquen os seus dereitos nin se organicen. Hai que lembrar que a decisión da empresa de rescindirle o contrato á educadora chegou ao pouco do persoal comunicar a súa intención de convocar eleccións sindicais.

Reunión co alcalde de Miño.

Para abordar a situación da escola, a CIG mantivo unha reunión este xoves do alcalde de Miño a quen lle informou dos reiterados incumprimentos

laborais de Novo Alicerce (atrasos nos pagos, non respecto aos dereitos recollidos no convenio colectivo, persecución e ameazas ao persoal, etc.) e lle reclamou a súa mediación ante a gravidade do conflito. Por parte do Goberno municipal comprometéronse a falar coa empresa adjudicataria para tentar reconducir e regularizar a situación e para que se respecten todos os dereitos das traballadoras.

A CIG-Ensino insistiu en que continuará pelexando pola readmisión da traballadora despedida e para que Novo Alicerce cumpra coas súas obrigas laborais, mais daralle unha marxe de tempo ao Concello para que faga as xestións oportunas. Neste senso, a central tamén trasladou a súa disposición a abrir unha mesa de diálogo coa empresa para chegar a acordos entre as partes.

Porén, de non producírense avances nas próximas semanas para resolver satisfactoriamente as demandas sociais, a CIG intensificará as

mobilizacións e demandarase pola vía xudicial a reincorporación da traballadora despedida.

Incumprimentos prolongados no tempo

Hai que subliñar que as traballadoras da escola infantil levan tempo padecendo atrasos nos pagamentos das nóminas, pasando de un a dous meses sen cobrar e sen recibir copia das nóminas; os incumprimentos do convenio son constantes e a empresa, entre outras cuestións, non lle permite ao persoal o uso gratuíto do comedor, non lles facilita a roupa de traballo e non respecta o calendario laboral, nin a antigüidade.

Estes incumprimentos xa foron denunciados tanto diante da Inspección de Traballo como no Concello de Miño, quen non adoptou ningunha medida para obrigar a empresa concesionaria a respectar os dereitos das traballadoras. Ante esta falta de actuacións, as traballadoras decidiron organizarse coa CIG e convocar eleccións sindicais. "Nese momento, a persecución incrementouse e foi cando a empresa decidiu despedir a esta traballadora, coa intención de amedrentar ao resto de compañeiras e que desistan de facer eleccións", subliña a CIG-Ensino. Non parecéndolle abondo o despedimento, Novo Alicerce iniciou unha campaña de ameazas, acoso e presión ás traballadoras a través de reunións individuais e colectivas



Situación da negociación do Convenio de Educación Infantil

Desde a CIG-Ensino non permitiremos que se vendan os traballadores e traballadoras do sector de infantil, tal e como demostramos nesta e noutras situacións.

Seguiremos reivindicando onde faga falla, con mobilizacións e folgas se é preciso, unha mellora substancial do convenio nas seguintes mesas de negociación e non apoiaremos que se aproben acordos miseria como é o modus operandi doutras organizacións sindicais.

A situación actual da negociación ten un máximo responsábel, o sindicato CCOO que se negou a incorporar as nosas propostas de melloras laborais e salariais na negociación do convenio de Educación Infantil, pregándose ás "rebaixas de dereitos" que oferta a patronal.

Así mesmo, cando a CIG-Ensino lles propuxo ás outras organizacións sindicais presentes na Plataforma reivindicativa levar a cabo mobilizacións para presionar e facer fronte común á involución que pretendían as empresas, quedámonos sós nesta proposta.

Agora, CCOO convoca en solitario unhas manifestacións para lavar a súa cara diante dos traballadores e traballadoras e para tapar a súa permisividade e pasividade nas once mesas de negociación que se levan celebrado até o momento. Está claro que é unha mera estratexia propagandística porque á vez están negociando pola porta de atrás coa patronal.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA

Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO

Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO

Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL

Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO

Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE

Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA

Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA

Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI

Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO

Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS

Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal